

## 3º CONCURSO ADORNOS DE NADAL NO CONCELLO DA MEZQUITA

Dende o Concello da Mezquita organízase o CONCURSO DE ADORNOS DE NADAL.

O Concello intenta conseguir dous obxectivos con este tipo de concursos. Por un lado favorecer a convivencia, a unión entre os veciños, e que persoas que teñan cualidades artísticas poidan desenrolar a súa vocación. E por outro lado favorecer o comercio local, sendo os premios, pasaportes para gastar obrigatoriamente nos establecementos do Concello.

Os **requisitos** para participar no concurso son os seguintes:

- Ser maior de 18 anos
- A decoración ten que ser apta para exterior
- Todas as creacións son un donativo para a decoración do Concello, que se intentará utilizar en anos posteriores
- Hai que inscribirse no Concello (nome, apelidos, telefono e título da creación).
- A data límite para inscribirse é o 15 de decembro
- A data límite para colocación da creación é o 17 de decembro.

As **características** do concurso son as seguintes:

- Hai dúas modalidades
  - Individual
  - Grupal
- Contamos con seis premios que se reparten da seguinte forma:
  - 1º PREMIO INDIVIDUAL – PASAPORTE DE 150 €
  - 2º PREMIO INDIVIUDAL – PASAPORTE DE 100 €
  - 3º PREMIO INDIVIDUAL – PASAPORTE DE 50 €

- 1º PREMIO GRUPAL – PASAPORTE DE 200 €
  - 2º PREMIO GRUPAL – PASAPORTE DE 150 €
  - 3º PREMIO GRUPAL – PASAPORTE DE 100 €
- Todos os PASAPORTES teñen que gastarse no COMERCIO LOCAL do Concello, antes do **31 de agosto do 2024**.

As bases do sorteo poderanse consultar na paxina web do Concello: [www.amezquita.gal](http://www.amezquita.gal) e no taboleiro do Concello.